

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN NACIONAL DE PERITAXE SOCIAL PARA A COLABORACIÓN NA EMISIÓN DE INFORMES DE TRABALLO SOCIAL

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha parte, **Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 44/2024, de 14 de abril, que recolle o seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, **Anahí Silvia Rama Samperio**, presidenta da Asociación Nacional de Peritaxe Social, rexistrada co número 623290 no Rexistro Nacional de Asociacións creado polo Real Decreto 949/2015, do 23 de outubro.

### EXPOÑEN

**Primeiro.** O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que, en relación coa Administración de Xustiza, lle corresponde á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñecen ou atribúen ao Goberno do Estado. Nesta cláusula estatutaria atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.

**Segundo.** O Real Decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro), o Real Decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios





persoais ao servizo da Administración de Xustiza (asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro), e o Real Decreto 233/1998, do 16 de febreiro sobre traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e aos institutos de medicina legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo), completan o proceso de transferencia de medios en materia de Xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia.

**Terceiro.** A Asociación Nacional de Peritaxe Social nace no ano 2021, aglutinando aos profesionais do traballo social a nivel nacional para dar resposta as necesidades xudiciais no ámbito social, coa misión de poñer en valor as peritaxes sociais dando a coñecer a súa potencialidade xudicial, procurando a excelencia dos peritos sociais a través da súa especialización integral (con especial fincapé nos ámbitos da xurisdición familiar e da violencia de xénero) e a defensa dos intereses profesionais das persoas asociadas dende unha identidade profesional autónoma, coherente, responsable e íntegra.

**Cuarto.** Debe entenderse a peritaxe social coma un informe pericial emitido por un profesional formado e con coñecementos técnicos no ámbito correspondente para o seu uso nun proceso xudicial. No ditame elaborado por este profesional analízanse os feitos obxectivos segundo as probas realizadas, para asesorar á autoridade xudicial na emisión dunha resolución xusta. Teñen singular importancia os ditames que versan sobre procedementos de garda e custodia, réxime de visitas, adopcións, acollementos, tutelas e puntos de encontro no ámbito dos xulgados de familia, así coma nos procedementos penais tramitados polas fiscalías de menores, en canto realizan unha análise da faceta xurídica de conflitos no seo da familia dende unha perspectiva social, afectiva, educativa, cultural e socio-económica que é clave á hora de determinar as medidas (provisionais ou definitivas) de protección oportunas.

Polo tanto, a peritaxe social forense, como disciplina científica, ten como finalidade proporcionar aos órganos xudiciais competentes elementos valorativos, dende o coñecemento experto do ámbito social, que faciliten a toma de decisións xudiciais máis axustadas a cada situación e a cada persoa en particular, con especial relevancia naqueles procedementos nos que se debe velar polos intereses superiores dos menores de idade.

**Quinto.-** As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e mais no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

**Sexto.-** A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do



Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcional do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular da subvención e razóns de interese público, social e humanitario; tal é o caso, no que o interese prioritario é poder dar resposta a gran demanda de valoración psicolóxica por parte dos xulgados e tribunais en materia de familia, con especial significación da ligada á materia penal (violencia de xénero, credibilidade da testemuña en menores abusados, dano psíquico, imputabilidade, acoso etc.).

Por todo o exposto, as partes acordan asinar o presente Convenio de colaboración en base ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira. *Obxecto, beneficiario e condicións do Convenio.***

O obxecto deste Convenio é a colaboración na realización, por parte da Asociación Nacional de Peritaxe Social, de ditames periciais de traballo social a solicitude dos órganos xudiciais en Galicia.

Os/as peritos de Traballo Social que presten estes servizos deberán ser seleccionados entre as persoas socias que cumpran cos requisitos xurídico-administrativos para o exercicio profesional, conforme cos seguintes criterios e pola orde de prioridade en que se relacionan:

1º.- Experiencia profesional demostrable no ámbito da peritaxe de traballo social.

2º.- A formación e especialización no ámbito do traballo social.

Na realización de ditames periciais de traballo social a solicitude dos órganos xudiciais procederase conforme as seguintes normas:

#### *I. Alcance dos informes periciais de traballo social.*

Os ditames elaborados ao amparo do presente Convenio deben ser independentes e obxectivos, non podendo ser influenciados por ningunha das partes en conflito. Deben conter entrevistas en profundidade do individuo, entrevistas a familiares, análises do contorna socio-laboral, informes laborais etc. En definitiva, deben recoller a descrición da persoa e o estado no que se atopa, así coma as conclusións do perito sobre a análise realizada.





O informe debe facer unha valoración dos danos sociais, para localizar e atopar os medios para paliar os prexuízos que poida experimentar o benestar social do individuo a partir dos feitos e das problemáticas expostas no procedemento.

No ámbito penal, os informes farán un estudo e valoración da responsabilidade penal, especialmente en materia de abusos sexuais ou abandono e violencia familiar, para a determinación das eximentes ou atenuantes e para o establecemento de medidas alternativas de carácter terapéutico de seguridade. No ámbito da xurisdición de menores, os informes avaliarán as medidas encamiñadas a reinserción, individualización da pena, coordinación con servizos de apoio etc. No ámbito de familia, os informes deben realizar unha análise da faceta xurídica do conflito no seo da familia dende unha perspectiva social, afectiva, educativa, cultural e socio-económica.

## II. *Solicitud.*

Os/as traballadores sociais exercerán as súas funcións sempre a solicitude dos xulgados e tribunais, que derivarán a petición directamente á Asociación Nacional de Peritaxe Social e de acordo coas instrucións concretas que estes indiquen para cada caso. En todo caso, actuarán no ámbito da súa disciplina con plena independencia e baixo criterios estritamente científicos.

## III. *Selección de traballadores/as sociais.*

Para a selección dos/as traballadores/as sociais que vaian realizar os ditames periciais de traballo social, a Asociación Nacional de Peritaxe Social elaborará unha lista específica, distinta á establecida para as Oficinas de Atención ás Víctimas.

As e os peritos sociais que concorran ao proceso de selección organizado pola Asociación Nacional de Peritaxe Social deberán cumprir os seguintes requisitos:

1º.- Ser persoa socia da Asociación Nacional de Peritaxe Social.

2º.- Ser traballador/a social colexiado/a e estar ao corrente do pago das cotas colexiais.

3º.- Non estar a cumprir unha sanción da Comisión Deontolóxica.

4º.- A presentación dunha declaración responsable de non ter incompatibilidades profesionais. A realización de periciais sociais a solicitude dos órganos xudiciais prevista no presente Convenio é incompatible con exercer funcións de traballador social adscrito á Administración de Xustiza como traballador/a social forense ou nas Oficinas de Atención ás Víctimas dependentes da citada Administración.





5º.- Ter acreditadas un mínimo de 200 horas de formación especializada en peritaxe social, xustificadas documentalmente e que procederán da formación regrada, asistencia a xornadas e congresos, impartición como docente de formación na área, publicacións etc.

6º.- Realizar un mínimo de oito (8) ditames periciais acreditados documentalmente.

7º.- A presentación de documentación administrativa que acredite estar dado de alta no réxime especial de traballadores autónomos e último recibo da cota.

8º.- Ter contratado un seguro de responsabilidade civil profesional, o cal se acreditará mediante o pago do último recibo do ano en curso.

#### IV. *Listaxes.*

Unha vez que o/a traballador/a social entre a formar parte da lista de peritos para a emisión de ditames periciais en traballo social, asinará un compromiso de aceptación das normas de funcionamento da lista, así coma do compromiso de actuación.

Excepcionalmente, poderá renunciar á realización do ditame pericial por causas de forza maior debidamente acreditadas.

Efectuarase un sorteo para determinar a letra pola que se iniciará o funcionamento da lista.

No caso de que o número de persoas que cumpran os requisitos sexa excesivamente reducido, poderase valorar unha flexibilidade nos requisitos esixidos nos puntos 5 e 6 do parágrafo anterior.

#### V. *Realización do ditame pericial social.*

Tras a asignación do profesional para a elaboración da pericial en traballo social, a Asociación Nacional de Peritaxe Social contactará por correo electrónico coa persoa escollida, outorgándolle un prazo máximo de 4 días laborais para que acuda directamente á oficina xudicial que se lle indique, de cara a realizar a aceptación do encargo ante a persoa funcionaria correspondente. A aceptación do encargo levará implícita a aceptación de todas aquelas actuacións que o órgano ou oficina xudicial requira en relación co ditame pericial social a realizar. A través do órgano xudicial, o/a perito social realizará a primeira citación do suxeito obxecto de avaliación, co fin de que quede constancia oficial da citación.

Todas as actuacións necesarias para a elaboración da pericial serán realizadas na contorna das persoas peritadas con medios propios, salvo aquelas que teñan que ser realizadas en sede xudicial ou nos locais que o órgano xudicial designe.



O prazo máximo para a entrega da pericial ao órgano xudicial que o solicitou será de 40 días laborais desde a aceptación do encargo, salvo casos xustificados e debidamente acreditados.

Unha vez realizado a pericial, o/a traballadora social presentarao ao órgano xudicial petionario e remitirá copia ao Instituto de Medicina Legal de Galicia.

### **Segunda. Capacidade.**

Previamente á formalización do presente Convenio, a Asociación Nacional de Peritaxe Social presentou ante a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e que poidan impedir a subscrición do presente Convenio.

### **Terceira. Compromisos.**

A Asociación Nacional de Peritaxe Social comprométese a prestar a actividade nas condicións establecidas no presente Convenio, incluíndo:

- A tramitación da petición dos xulgados e tribunais para a emisión dos informes periciais.
- A selección dos/das traballadores sociais que vaian realizar os informes periciais, mediante a elaboración dunha lista específica.
- A comunicación ao profesional asignado para a elaboración do informe pericial, mediante correo electrónico, outorgándolle un prazo de 4 días laborais para que acuda directamente á oficina xudicial que se lle indique, de cara a realizar a aceptación do encargo ante a persoa funcionaria correspondente.

A prestación de servizos realizada polos/as traballadores/as sociais obxecto deste Convenio, non conlevará o establecemento dunha relación laboral coa Asociación Nacional de Peritaxe Social nin coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

A Asociación Nacional de Peritaxe Social comprométese a prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así coma o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a abonar á Asociación Nacional de Peritaxe Social a compensación económica por un máximo de trinta mil euros (30.000,00€),





concedida nos termos e coas condicións establecidas no presente Convenio. Así mesmo, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a facilitarlles espazos de traballo para a realización dos informes aos traballadores sociais en cada unha das subdireccións do IMELGA.

A anterior compensación incluirá, por unha parte o abono da cantidade máxima de mil cincocentos euros (1.500,00€) pola organización da actividade realizada, e por outra banda o resultado de aplicar a cada informe o importe máximo de seiscentos euros (600,00 €), o cal incluirá todos os gastos xerados pola intervención pericial:

- Estudo social na contorna (visitas a domicilio, entrevistas con informantes colaterais etc.).
- Redacción, emisión e entrega do ditame pericial.
- Aclaracións, ratificacións, asistencias e, en xeral, calquera actuación diante do órgano ou oficina xudicial, incluído o acto de xuízo oral.
- Todos os desprazamentos derivados das diversas actuacións.

#### **Cuarta. Créditos orzamentarios e contías derivados do Convenio.**

O presente Convenio será financiado co orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0. A compensación prevista no presente Convenio poderá financiar total ou parcialmente os gastos derivados da actividade ata un importe máximo de trinta mil euros (30.000,00 €), que será aboada á Asociación Nacional de Peritaxe Social do seguinte xeito:

- A Asociación Nacional de Peritaxe Social emitirá a correspondente certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, na que se detallan os informes periciais realizados. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a aboarlle á Asociación Nacional de Peritaxe Social os gastos que deriven da elaboración dos informes periciais, cun pagamento máximo único a razón de seiscentos euros (600,00 €) por cada informe, que incluirá todos os gastos xerados pola intervención pericial.

Se con posterioridade á encomenda xudicial dunha pericia, o órgano xudicial a deixase sen efecto e sempre que se acredite a súa iniciación, compensarase á Asociación Nacional de Peritaxe ata un máximo dun 30% do importe do informe, en virtude do grado de execución.



- Ademais, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes compensará á Asociación Nacional de Peritaxe Social pola organización da actividade realizada cunha cantidade de mil cincocentos euros (1.500,00 €).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do Convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

#### **Quinta. *Comunicación de subvencións recibidas.***

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Asociación Nacional de Peritaxe Social queda obrigada a comunicar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes no momento da súa solicitude e/ou concesión se conta con algún tipo de axuda ou subvención para os mesmos fins, a súa contía, entidade ou posible entidade que a concede e data de solicitude e/ou concesión.

#### **Sexta. *Prazos e forma de abono e de xustificación.***

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e da consecución dos obxectivos deste Convenio.
- Certificación expedida polo órgano competente da Asociación Nacional de Peritaxe Social, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso, as datas de pagamento.
- Orixinais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.





- Certificación asinada electronicamente polo/a Letrado/a da Administración de Xustiza do órgano xudicial competente ou do/a Fiscal, no seu caso, conforme se entregou o informe pericial solicitado polo órgano xudicial, de acordo co modelo achegado no Anexo I.
- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflecta o importe da retención ou cotización correspondentes na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso, a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
- Declaración responsable de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro e o 15 de decembro de 2025, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Xustiza con data límite do 19 de decembro de 2025. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificadas. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación. Para realización destes pagamentos anticipados, a Asociación Nacional de Peritaxe Social está exonerada de constitución da correspondente garantía, en virtude do establecido no artigo 65.4, apartado f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

### **Sétima. Confidencialidade da información e dos resultados.**

A Asociación Nacional de Peritaxe Social e mais os/as traballadores/as sociais que realicen as periciais comprométese a garantir a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas, de acordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016,



relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Igualmente, comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

As partes asinantes do Convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste documento, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

#### **Oitava. *Publicidade do Convenio.***

Este Convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración Pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste Convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

#### **Novena. *Efectos, modificación e extinción do Convenio.***

O presente Convenio fornecerá efectos desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025, salvo que calquera das partes asinantes proceda á súa denuncia expresa cunha antelación mínima de 30 días naturais á data en que se pretenda a súa expiración.

Este Convenio poderase modificar por acordo unánime das partes a través da subscripción da correspondente addenda modificativa.

Así mesmo, extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución do Convenio:



- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do Convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o Convenio.
- d) Unha decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do Convenio.
- f) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis.

A resolución do Convenio non afectará á finalización das actividades que estean en execución, que se deberán realizar no prazo improrrogable fixado pola Comisión de Seguimento do convenio.

#### **Décima. Comisión de Seguimento.**

Crearase unha comisión mixta de seguimento que estará formada por dous representantes da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e dous representantes da Asociación Nacional de Peritaxe Social. Reunirase como mínimo unha vez ao ano e facultativamente canto se considere necesario, a petición dalgunha das partes.

A comisión rexerese, en canto ao seu funcionamento, periodicidade das reunións e vinculación dos seus acordos polo disposto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que regula o funcionamento dos órganos colexiados.

#### **Décimo primeira. Natureza xurídica e resolución de controversias.**

O presente Convenio ten natureza xurídico-administrativa, estando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en virtude do establecido no seu artigo 6.

O réxime xurídico deste Convenio vén determinado polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o





Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, execución, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente Convenio deberán liquidarse de mutuo acordo das partes. Se non resultase posible alcanzar devandito acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

De conformidade con canto antecede, e en exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, subscriben por duplicado o presente, no lugar e data anteriormente indicados:

Pola Consellería de Presidencia,  
Xustiza e Deportes

Pola Asociación Nacional de  
Peritaxe Social

Diego Calvo Pouso

Anahí Silvia Rama Samperio





## ANEXO I. CERTIFICACIÓN DA PERICIA XUDICIAL

No lugar e data da sinatura dixital

### DATOS DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE  
REALIZOU O INFORME  
DNI OU NÚM. DE PASAPORTE  
ÓRGANO SOLICITANTE DO INFORME  
Nº E ANO DO PROCEDIMENTO  
DATA DE SOLICITUDE  
DATA DE ENTREGA

**A persoa asinante,**

### CERTIFICA:

Que o servizo se atopa incluído dentro do obxecto Convenio de Colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Asociación Nacional de Peritaxe Social para a colaboración na emisión de informes de traballo social, por tratarse da realización dun ditame pericial de traballo social.

Observacións:

**E para que así conste, asíñase esta certificación.**

